
Arte Romana




¡CON SUS CONSTRUC-
CIONES MODERNAS,
LOS ROMANOS NO HA-
CEN MAS QUE ESTRO-
PEAR EL PAISAJE!

Contexto histórico:



CRONOLOXÍA BÁSICA

- 753: Fundación de Roma
- 753-508: Monarquía (reis etruscos)
- 508-27: República (remata co asasinato de Xulio César, a guerra civil e o ascenso ao poder de Augusto)
- 27 a.C – 476 d.C.: Imperio
  - Alto Imperio. S. I a.C-mediados S. III
  - Baixo Imperio. Mediados S.III- S. V

O Imperio Romano en 10 minutos (Academia Play)

https://www.youtube.com/watch?v=UF_yHrFP1Ls

- Segundo a **lenda**, Roma foi fundada por **Rómulo e Remo** cara o s. VIII a. C. O pobo Latino estableceu unha **monarquía** ata o s. VI a. C.

- Coa instauración da **República**, Roma comezou un proceso de conquistas e anexións, incorporando toda a Península Itálica, Hispania, Galia, Grecia….

- No s. I a.C, estoupa unha **grave crise política** (guerras civís). **Xulio César** faise co poder como ditador, e tralo seu asasinato, o seu sobriño **Octavio Augusto** convírtese no primeiro emperador romano.

- O **Imperio Romano** duraría en Occidente ata o s. V, sucedéndose diferentes **dinastías** (Xulio-Claudia, Flavia, Antonina, Severa….)

Máxima expansión do Imperio Romano. Reinado de Trajano (98-117 d.C.)




- Roma foi un dos **maiores imperios da Historia**. Os romanos **asimilaron** moitos dos elementos dos pobos conquistados (especialmente, dos **etruscos** e dos **gregos**).

- De tódolos xeitos, Roma **transformaba** estes elementos, convertíndose nunha cultura e nunha **arte orixinal e inconfundible.**

- En canto á **relixión** romana, estes apropiáronse dos deus gregos, asimilándoos aos seus, e engadíndolles os seus deuses propios, outras divinidades asimiladas doutras culturas e os emperadores divinizados, chegando a contar o **panteón romano cunhas 30.000 divinidades.**

Características xerais da arte romana




Templos
Naos
Pseudoperíptero
Pronaos
Podium
Escalinata central

- Das tres artes maiores, para os romanos a máis importante era a **ARQUITECTURA**, por ser a máis útil e práctica, e a máis axeitada como recordatorio para a **posterioridade**.

- En canto á **escultura**, a maior parte dos artistas eran gregos, especializados en facer **copias das obras máis famosas** da escultura clásica e helenística.

- Con respecto á **pintura** (recoñecendo a súa calidade e orixinalidade), non deixou de ser para os romanos un **complemento decorativo** da arquitectura.

- En moitos aspectos, a arte romana é a **continuadora da arte grega**, formando ámbalas dúas culturas a denominada **ARTE CLÁSICA.** Os romanos **admiraban e copiaban a arte grega**.

- É unha arte unitaria, consecuencia do forte centralismo político.

- A primeira toma de contacto entre Roma e a arte grega foi a través dos **ETRUSCOS** e das **colonias gregas do sur de Italia**. As influencias etruscas son tamén moi importantes, e a arte romana recolle tamén en menor medidainfluencias da arte exipcia ou mesopotámica. A arte romana é ecléctica.

- Cando os romanos conquistan **Grecia** (146 a.C), comezou un acelerado proceso de **helenización**: os conquistadores leváronse a Roma moitísimas obras gregas e incluso a escultores e pintores para traballar en Italia.

- De tódolos xeitos, a arte romana tamén fixo importantes **aportacións** e tivo unha **personalidade propia** e unha **orixinalidade** moi marcadas (sobre todo, na arquitectura). Hai unha marcada tendencia ao monumental.

- **O artista romano traballaba para o Estado**, ou para ricos **mecenas** (patróns que protexían as artes).

- A maioría dos artistas eran **anónimos**, a ser máis importante o cliente que o que executaba a obra. A arte úsase como medio propagandístico do Estado.

- A arte romana ten un sentido utilitarista e pragmático e un evidente gusto polo concreto, como se ve nos retratos ou os relevos históricos


ARQUITECTURA ROMANA

- Os romanos construíron moito e **rápidamente** (neste sentido, foi esencial o emprego do **formigón**) ao longo do seu estenso imperio.

- O Imperio necesitaba **grandes obras públicas e infraestruturas** (cidades, fortificacións, monumentos, teatros….).

- Os **templos deixan de ser os edificios máis importantes** da arquitectura.

- A **funcionalidade** da arquitectura romana explica a enorme **variedade** de construccións: foros, templos, basílicas, teatros e anfiteatros, termas, arcos e columnas conmemorativos…ademais das peculiares vivendas romanas.


- En canto aos **materiais** empregados, estos eran moi variados: **pedras brandas** como a toba, **duras** (travertino, mármore). Pero os materiais máis empregados (polo novidoso e barato) foron o **formigón ou cemento conglomerado e o ladrillo**.


- O **formigón** obtíñase mesturando trozos de ladrillo, cascallos e pedras con auga e cal. Cando esta masa fraguaba, convertíase nun bloque sólido, compacto, duro e case eterno.

- Os romanos **dominaron á perfección o formigón**, utilizándoo nos cimentos, nos alzados e nas cubertas como bóvedas e cúpulas

- O formigón era unha **materia prima barata e fácil de manexar**, permitindo levantar de forma **rápida** xigantescas construccións, como termas ou basílicas.

- O único **inconvinte** era o seu **pobre aspecto**, polo que os muros de cemento **revestíanse** con lousas de mármore, pinturas ou mosaicos, de modo que a estrutura de formigón funcionaba como o esquelete do edificio.











El secreto está en la fórmula que usaban
los romanos para hacer el hormigón

- Os romanos utilizaron diferentes tipos de **aparellos** ou **OPUS** (modos de colocar os bloques):






Tipos de paramentos




Opus incertum
(forma irregular)

Sillares piramidales
cuya base cuadrada
mira hacia fuera




Opus reticulatum
(piezas regulares)

Según tamaño:
Bipedalis = 0`6 x 0`6 m.
Sexquipedalis = 0´45 x 0´45 m.
Bessalis = 0´22 x 0´22 m.




Opus latericium
(ladrillos)



Opus mixtum
(sillar y ladrillos)



Opus quadratum
(a soga y tizón)



Opus spicatum
(forma de espina de pez)



Opus incertum



Opus reticulatum




Opus testaceum









Opus spicatum



- Por outra banda, os romanos tamén empregaron **novos materiais construtivos**, novas **técnicas arquitectónicas**, un maior sentido **pragmático** das construccións e unha **monumentalidade** descoñecidas na arte grega.

- Polo tanto, a arquitectura romana era, sobre todo, **práctica**, **utilitaria** e **funcional**.

- Os arquitectos buscaban levantar edificios **sólidos**, e **fermosos** ademais de prácticos ("**Utilidade, Eternidade e Beleza**")

- O colosalismo das construccións servía para exaltar o **poder** de Roma.

- Na arquitectura romana tamén hai que destacar que predominaba a **regularidade** e a **simetría** no deseño das cidades e dos principais tipos de edificios.

- A arquitectura romana adoptou os elementos fundamentais da arte grega: as **ordes clásicas**, edificios como os **templos** ou os **teatros**, elementos decorativos…

- Sen embargo, en moitos outros aspectos, a arquitectura romana foi radicalmente distinta: os gregos coidaban máis o **exterior** que o **interior** do edificio, mentres que para os romanos **tanto un como o outro eran esenciais.**


- Neste sentido, os romanos conseguiron unha **nova concepción do espazo arquitectónico interio**r, moi ricamente decorado, pero variando segundo a funcionalidade de cada tipo de edificio.


- Outra diferenza peculiar da arquitectura romana é que, ademais das cubertas adinteladas como nos edificios gregos, os romanos tamén introduciron os **espazos abovedados e cupulados**.

- O arco máis empregado foi o de **medio punto** (illado, aliñado ou superposto en varias alturas), obtendo edificios flexibles, ricos, orixinais e máis altos.

- Tamén se empregaron os **arcos de descarga de ladrillo** nos muros cegos, para aliviar as descargas e reforzar os muros.

- Para soportar igualmente as cargas, empregouse o **arco adintelado** de doelas horizontais.






©Consorcio de Toledo



- Ao igual que os romanos non inventaron o formigón (senón que usaron masivamente), o mesmo pasou co **arco** e a **bóveda**.

- Estes dous elementos, de **orixe mesopotámica**, pasaron á arquitectura romana a través dos etruscos.

- En todo caso, os romanos foron os primeiros en **combinar liñas rectas e curvas**, combinando a arquitectura adintelada coas formas de arco e as cubertas abovedadas (o que lle aportou enorme **orixinalidade** e sentido práctico á súa arquitectura).

- Polo tanto, a arquitectura romana **deixa de ser enteiramente adintelada**: utiliza o dintel e o arco (de influencia etrusca) ao mesmo tempo


❑Ao **combinar** arco e dintel, auméntase a **solidez** do edificio e a ornamentación do mesmo.

❑ Entre o arco e o dintel queda un espazo chamado **enxuta**, onde se colocaban as **estatuas**.


❑Ademais do arco, os romanos utilizaron **as cubertas abovedadas**, con múltiples variantes: **bóveda de canón, anular, de aresta, cúpulas…**

❑Por último, os edificios romanos **ornamentábanse** con múltiples motivos decorativos: de tipo **vexetal** (follas de acanto, rosetas, guirnaldas…) e de tipo **xeométrico** (grecas, bandas, espirais, bucráneos…). Os pequenos **frontóns** e as **columnas adosadas** igualmente foron empregadas como elementos decorativos.


Boveda de canón







hormigón (opus caementicium)
arcos de ladrillos unidos con ladrillos transversales
estructura de madera


Modelo de bóveda de arista



Modelo de cúpula romana




- En canto ás **ordes arquitectónicas**, os romanos adoptaron as tres **ordes clásicas** dos gregos, pero con innovacións orixinais (utilizan capiteis corintios en columnas dóricas ou xónicas).
- Os romanos, ademais, **modificaron a orde dórica**, suprimindo a éntase e engadíndolle ao fuste unha base, resultando así a columna máis esbelta.
- Os arquitectos romanos preferían a **orde corintia**, por ser máis rica e decorativa.
- Por outra banda, aportan a **orde toscana** (columna dórica con base, por influencia dos etruscos) e a orde composta (mestura dos capiteis xónico e corintio, potenciando a sensación de luxo)
- Os edificios levantabanse sobre **altos podios ou pedestais** (asi as columnas gañan en altura) e, por outro lado, **combinan as tres ordes** no mesmo edificio en distintos pisos (dórica-xónica-corintia)



Orde toscana

Orde composta





Orde toscana



O urbanismo romano:





NORTE
MURALLA PERIMETRAL
CARDO (N-S)
TORRES
BASTIONES
MERCADO
ESTE
OESTE
DECUMANUS
(E-O)
ANFITEATRO
TEATRO
FORO
TERMAS
Conducción de agua-Acueducto
SUR



1. Kardo (norte-sur)
2. Decumanus (este-oeste)
3. Anfiteatro
4. Teatro
5. Foro
6. Templo de Diana
7. Arco de Trajano y Templo del Foro Provincial

A REDE DE CALZADAS DO IMPERIO ROMANO









VISTA AÉREA DE TIMGAD (ALXERIA).


Lugo (Lucus Augusti)
Image © 2007 DigitalGlobe
© 2007 Europa Technologies
Google
225 m
Puntero 43°00'41.79" N 7°33'28.49" O
Secuencia 100%
Alt. ojo 781 m



Dentro da cidade romana, distínguianse distintas zonas con construcións e edificios variados:















Villa Adriana en Tivoli. S. II



O Foro romano




❑ Consistía nunha **gran praza pública** (como o **ágora** grego).


❑ **Espazo aberto** rodeado de edificios **públicos e sagrados.**

❑O foro era o **corazón da cidade** (centro da vida comercial e política da mesma) e simbolizaba o **poder** e a **grandeza** da mesma.


❑O **FORO MAGNO** de Roma (composto por distintas ampliacións de diferentes emperadores) era o máis **impresionante** do mundo antigo.







T. Telluris
Vicus Sandalarius
Amphitheatrum Flavium
Colossus
Meta Sudans
Arcus Constantini
Vestigia Domus Aureae
T. Veneris et Romae
Basilica Constantini
Forum Traiani
Basilica Ulpia
Bibliotheca
Templ. Divi Traiani
Columna Traiani
Forum Augusti
T. Martis Ultoris
T. Minervae
Forum Nervae
Forum Vespasiani
T. Pacis
Templum Sacrae Urbis
Forum Caesaris
Equus Caesaris
T. Veneris Genetricis
Curia
Secretar. Senatus
Basilica Aemilia
T. Antonini et Faustinae
T. Divi Romuli
Regia
Arcus Titi
T. Iovis Statoris
Septa Iulia
T. Iunonis Monetae
Arx
Cancer
Scalae Gemoniae
Arcus Severi
Col. Phocae
T. Concordiae
Rostra
Arcus Tiberii
Basilica Iulia
Equus Domitiani
Aed. Aug.
Vesta
Atrium Vestae
T. Divi Iuli
T. Divi Augusti
Tabularium
Lucus Asyli
Capitolium
T. Iovis O.M.
Area Capitolina
Aedes
Saxum Tarpeum
Arces Pandae
Vicus Iugarius
Cloaca Maxima
Vicus Tuscus
Velabrum
T. Victoriae
Area Palatina
Templum Apollinis
Domus Tiberiana
Domus Augustiana
Stadion
Domus Liviae
T. Matris Matutae
T. Iovis Victoris
Lupercal
Aqua Claudia
Domus Septimii Severi
Circus Flaminius
Porticus Octaviae
Alumonis
Iovis
T. Apollinis
Theatrum Marcelli
Forum Holitorium
T. Iani
T. Spei
T. Iunonis Sospitae
Arcus Argentariorum
Ianus Quadrifrons
Forum Boarium
Circus Maximus
0
50
100
200 m

O Foro romano:





O Foro romano:




O templo romano



- O templo segue servindo para **custodiar a imaxe da divinidade,** pero xa non é o edificio máis importante como na arte grega. Presenta fortes influencias do templo etrusco.
- **Tiñan diferentes plantas**, como en Grecia, pero con importantes peculiaridades: levántanse sobre unha alta plataforma ou podio, cunha única escalinata na parte frontal (só hai unha fachada principal), un pórtico columnado (máis alongado ao desaparecer o opistodomos) e a naos no interior.
- **Abondan os templos próstilos e pseudoperípteros** (para destacar a fachada principal.
- **Por outra banda, o templo romano levántase no medio das cidades, ademáis de nos santuarios e acrópoles.**
- Templos romanos **destacables** son a Maisón Carré (Nimes), o da Fortuna Viril (Roma) ou o **Panteón** (tamén en Roma)


Templo da Fortuna Viril (Roma)





Templo de Vesta (Roma)





TEMPLO DE VESTA EN EL FORO REPUBLICANO
Roma



Maison carré (Nimes, Francia)




O Panteón de Roma:






M·AGRIPPA·L·F·COS·TERTIVM·FECIT





PRONAOS
CORPO INTERMEDIO
CELLA

¿Qué vemos no exterior?

Unha cúpula

Fachada principal en forta de templo clásico de orde corintia: octástilo, con entaboamento, frontón e tímpano.

Muro cilíndrico



¿Por qué é orixinal?

Combina a planta circular coa rectangular. Emprega o formigón. Novidoso fronte á arte grega.

Materiais construtivos?

A fachada, semella empregar a pedra. O resto, formigón armado







PÓRTICO PRONAOS, alzado







PÓRTICO – INTERIOR









43,20
21,60
43,20
21,60
21,60

2- Ático

3-Casquete da cúpula




1-Nivel inferior con exedras





13



14



Columnas pareadas nas exedras e entaboamento











¿Qué vemos no interior?

A cúpula. Os ocos chámanse casetóns


Unha abertura circular ("nada de buracos")…como un ollo xigantesco, que en latín era…

Pequenos frontóns decorativos

Columnas e entaboamento clásicos

Nicho cunha bóveda de cuarto de esfera


Pavimento ricamente decorado






NATIONAL
GEOGRAPHIC
CHANNEL









concreto alternado
con trozos de tufo
(piedra caliza) y
piedra pómex
concreto alternado con
trozos de tufo y ladrillo
concreto con trozos
de ladrillos
concreto alternado
con trozos de tufo
y ladrillos
concreto alternado
con trozos de travertino
y tufo (piedra caliza)
concreto con trozos
de travertino
cimientos















ORTHOGRAPHIA · PARTIS · EXTERIORIS · TEMPLI · DIVI · PETRI IN VATICANO ·
MICHAEL · ANGELVS BONAROTA INVEN ·
· AMBROSIVS · BRAM · FECIT ·







A basílica romana




❑ Foi un dos edificios **máis orixinais** da arquitectura romana e de **maior influencia** na arquitectura posterior.

❑ **A partires do s. IV** daría lugar ás primeiras igrexas cristiás, tamén chamadas basílicas.

❑Edificios **rectangulares e alongados**, cun marcado eixe lonxitudinal, ás veces con ábsides nos extremos e cubertas adinteladas ou abovedadas.

❑**A basílica romana non tiña unha función relixiosa.** Inspirada na stoa grega. A súa función era variada: tribunal de xustiza, bolsa de comercio, sede administrativa….

❑ **As primeiras basílicas levantáronse en Roma cara o s. II a.C.**



2. ROM: CONSTANTINSBASILICA.


Hoxe en día só se conserva o muro norte cos seus 3 tramos abovedados con bóvedas de canón transversais.

O teatro romano



❑**O teatro romano** estaba inspirado no grego, pero con notables diferenzas.

❑ O teatro romano era un **edificio illado e independente** (non se asenta nas ladeiras dunha colina).

❑ Isto debíase a que os romanos levantaban os seus teatros dentro das cidades.


❑Os primeiros teatros eran provisionais e de madeira, pasando logo a permanentes e construídos en pedra.

❑**Ao igual que o grego, o teatro romano compoñíase de tres partes:** escenario, orquestra e graderío. Nos teatros romanos, a orquestra pasa de ser circular a semicircular (gañando a escena espazo).


❑O **graderío** conta con pasillos escalonados radiais, dividindo as gradas en seccións.

❑Repartidas polo graderío, dispóñense unha serie de portas ou "**vomitorios**", que facilitaban a entrada e desaloxo do recinto en poucos minutos, a través dunha serie de tuneis curvos e abovedados.


❑Tamén existían unha serie de **peches** para separar ao público segundo a súa categoría social.







Escenario
Graderío
Orchestra


Teatro de Aspendos
(Turquía)


Escenario (arquitectura figurada)
Graderío
Orchestra


Reconstrucción virtual dun
teatro romano

❑Os teatros romanos **máis importantes** foron os de Pompeya, o de Marcelo (Roma), o de Timgad (Alxeria), Arlés (Francia), ou os de Sagunto e **Mérida** en España.



POMPEYA



Teatro de Marcelo (Roma)



O teatro de Mérida












Scaenae frons
Proscenio
Pulpitum coas exedras








Reconstrución dixital do Teatro de Mérida





COS III TRIB POT II




1
2
3
4
5
6

Edificios recreativos (ocio e diversión):





❑Os romanos adoraban os diferentes **espectáculos públicos**, polo que levantaron distintos tipos de construccións para estes.


❑**Isto é un elemento moi orixinal da arquitectura romana**, xa que ningunha outra cultura levantara edificios recreativos (ata a actualidade).


❑**Ademais de recintos para grandes espectáculo públicos**, este tipo de edificios tamén servían de propaganda política do Imperio Romano.

❑ Entre os principais tipos de **edificios recreativos** destacaban: os **teatros**, os **anfiteatros**, os circos e as termas.







SPINA


Apodyterium
(spogliatoio)
Calidarium
(bagno caldo)
Laconicum
(bagno di
vapore)
Frigidarium
(bagno freddo)
Tepidarium
(bagno tiepido)
Hypocaustum
(riscaldamento
sotterraneo)

O anfiteatro romano



❑**Os anfiteatros** eran construccións típicamente romanas. Delas derivan posteriores recintos para espectáculos deportivos ou as prazas de touros.



❑Consistían na unión de dous teatros pola escena, creando unha planta **elíptica**.



❑**Nos anfiteatros celebrabanse distintos espectáculos:** combates de gladiadores, loitas con animais salvaxes, batallas navais (naumaquias), execución de delincuentes….




Combate de gladiadores

❑**Eran edificios concebidos para acoller a milleiros de espectadores**, polo que requerían unha gran capacidade e unha estrutura resistinte.

❑**Os anfiteatros romanos constaban dun espazo central ou area**, rodeada do gradería (dividido en sectores comunicados por corredores radiais).

❑A **area** estaba separada do gradería mediante un muro liso (para impedir que os animais ou os gladiadores atacasen ao público), abríndose no muro dúas portas (entrada e saída dos participantes no espectáculo).

❑Debaixo da area e oculta ao público, existían unha serie de **corredores e dependencias subterráneas** (gaiolas dos animais, cabozos, almacéns) e un inxenioso sistema de grúas e montacargas.





NIMES


O Coliseo de Roma:




Reconstrucción do Coliseo, coas esculturas que decoraban os vans e a escultura colosal de Nerón como o deus Apolo




Que vemos no exterior?


Enorme muro cego, con pilastras endosadas, a modo de entaboamento
Fachada calada. Triple ringleira superposta de arcos de medio punto, con semicolumnas adosadas en distintas ordes arquitectónicas
Combinación de liñas rectas e curvas: aportación da arquitectura romana


Ménsulas para soster o velario



Galería do segundo piso seguindo o esquema anterior pero con semicolumnas corintias



Cuarto piso a modo de ático con fiestras alternando entre os paramentos cegos con pilastras de capiteis corintios





Podio e nivel inferior con semicolumnas dórico-toscanas entre as arcadas de medio punto que constitúen o acceso





Arcos de medio punto da galería do primeiro nivel e semicolumnas xónicas arrancando do peitoril





Valado para protexer aos espectadores
Graderío para o público
Entarimado e area
montacargas
torno
Cárceres ou subterráneos





Que vemos no interior?
Graderío para o público
Dependencias subterráneas (ocultas pola area)
O edificio está incompleto: utilizouse como canteira
Planta elíptica


Summa cavea
Media cavea
Media cavea
Ima cavea




Entarimado actual para concertos e espectáculos






«careceres» ou
subterráneos

O Coliseo no século XVIII antes da súa restauración



Edificios conmemorativos




❑Os romanos, preocupados por pasar á **posterioridade**, deixáronos distintos monumentos para recordar as súas fazañas ou ensalzar aos seus gobernantes.

❑ Os principais foron **os arcos de triunfo e as columnas conmemorativas.**

❑Ámbolos dous servían como **elementos de propaganda política do Imperio,** celebrando sobre todo **campañas militares.**

❑**As primeiras columnas conmemorativas eran as COLUMNAS ROSTRAIS**, que recordaban victorias navais.



❑**As columnas conmemorativas** eran de grandes dimensións, o que permitía contemplalas dende calqueira punto.

❑Ademais, estaban recubertas de **relevos** decorativos, que aludían ao motivo que as fixera levantar.

❑ A columna de **Traxano** é a máis coñecida destes monumentos conmemorativos.

❑Levantada polo emperador Traxano no seu foro no s. II, estaba detrás da basílica e entre a biblioteca grega e a romana.

❑A columna tamén é a tumba de dito emperador (as súas cinsas depositáronse na base da mesma)



Columnas de Marco Aurelio e Traxano. S. II





Os arcos de Triunfo




- Son os monumentos conmemorativos **máis coñecidos** do Imperio romano.

- A súa **orixe** estaba na tradición de facer pasar ao soldados que regresaban da guerra baixo un tinglado de madeira e palmas, para liberarse do sangue verquido e dos espíritos dos inimigos mortos.

- **Dos arcos provisionais de madeira pasouse aos permanente de pedra** e decorados con relevos referentes ás fazañas dos seus promotores.

- **Os arcos romanos podían ser de distintas formas:** de un ou tres vans (excepcionalmente 4). Situábanse en lugares como foros, calzadas, e sitios onde se producira un feito relevante.

Compoñíanse dun pedestal con varias columnas adosadas, un entaboamento enriba cun ático onde se esculpían relevos e inscripcións conmemorativas e, finalmente, na parte superior, podía situarse a estatua ou o carro triunfal de bronce do emperador ao cal estaba adicado.







Arco de Septimio Severo

ARCO DE TITO (ROMA, século I)





Ático
Corpo principal
Podium


entaboamento
inscripción
Enxuta cunha
Victoria alada
Fiestra cega
Piar con
columnas
de orde
composta
Friso lateral corrido
Piar con
columnas
de orde
composta











O senado e o pobo de Roma ao divino Tito, fillo do divino Vespasiano, Vespasiano Augusto



Detalle dos casetóns. No centro, unha águia romana imperial



PARTES INTEGRANTES DE UN ARCO



Combinación de liñas rectas e curvas, outra das grandes aportacións da arquitectura romana.






Friso lateral: o emperador Tito, conducindo a súa cuádriga









Friso lateral: os lexionarios co botín tralo saqueo de Xerusalén



O circo romano



❑Outro edificio adicado aos espectáculos públicos foi o **circo** romano: viña ser unha especie de **hipódromo** para as carreiras de cuádrigas.




❑Tiña forma de rectángulo alongado, cun dos seus lados en semicírculo e o outro lixeiramente curvo.


❑Contaban cunha pista de carreiras ou **area**, a **spina** ou murete central decorado con obeliscos e esculturas, o **podio** que separaba ao graderío, e os **cárceres** de onde saían as cuádrigas





As termas romanas



- Os baños públicos na antiga Roma gozaron dunha gran popularidade.
- Pero as termas romanas eran algo máis que un balneario: lugares de reunión, para practicar exercizos físicos e actividades deportivas, contaban igualmente con museos e bibliotecas e extensos xardíns.
- Na antiga Roma, levantabanse en torno ao eixe simétrico,arredor do cal dispoñianse os vestiarios e as piscinas con auga a distinta temperatura (caldarium, tepidarium e frigidarium), ademais de ximnasios e outras estancias de lecer.
- **Levantáronse numerosas termas nas principais cidades:** só en Roma, existían máis de 11 públicas e un centenar de privadas nas vivendas ricas, sendo as máis impresionantes as de Caracalla




Maqueta das Termas de Caracalla


Termas de Caracalla
1 Caldarium
2 Ninfeo
3 Sala central
4 Frigidarium
5 Vestuarios
6 Vestibulo
7 Palestra
8 Salas de lectura
9 Solarium


Ruinas das Termas de Caracalla

As obras públicas e de enxeñería



❑ As obras públicas foron construccións relacionadas coa **enxeñería** (que os romanos domiñaban á perfección)


❑Representa o sentido **práctico** e utilitario da arquitectura romana, así como a importancia da **propaganda política** dos gobernantes romanos.

❑ As principais obras públicas foron as pontes, as vías ou calzadas, os portos e os **acueductos**.






Tecnoloxía romana aplicada á enxeñería: "Machinae tractoriae"



Torre de Hércules: faro romano de A Coruña






Ponte de Alcántara (Cáceres)

❑**OS ACUEDUCTOS:** construccións para conducir a auga dende a súa orixe ata as cidades.

❑ A auga transportábase baixo terra, a nivel do chan e sobre ringleiras de arcos para salvar os desniveis do terreo.

❑ **A cidade de Roma** estaba abastecida por varios acueductos para o abastecemento de fontes, termas, cloacas e cisternas.





Un caso peculiar é o Pont du Gard (Nimes, Francia), que serve ao mesmo tempo de ponte e de acueducto.



Acueducto das Milagres(Mérida). S. I




Acueducto de Tarragona




O acueduto de Segovia




Canle
1ª aliñación: 1 piso
2ª aliñación: 1 piso
Desareador
3ª aliñación: 1 piso
Corpo superior: arcos coa mesma altura
Nicho con estatua
Ático
4ª aliñación: 2 pisos
Corpo inferior: a altura varía
Parte central= grande arco de triunfo






MCMXXI



Axuste ó nivel do terreo para manter o nivel da corrente de auga







A escultura romana:





O retrato





O relevo





Estes retratos de patricios romanos, feitos a partir de máscaras funerarias, comprácense na descrición realista dos rostros, dos que non se oculta ningún detalle, ningún defecto.

Outros retratos da época republicana









Toracatus



Togatus



Pontifex Maximus



Heroizado



Divinizado









Calígula





Retrato de Adriano. S. II d.C.






Estatua ecuestre de Marco Aurelio.



Busto de Cómodo como Hércules. S. II d.C.



Busto de Caracalla. S. III d.C.











Ainda que existían xa retratos ecuestres dende a República, esta obra sería que tería unha maior influencia nas posteriores esculturas deste tipo: no Renacemento (Donatello e Verrochio), no Barroco e, incluso en obras do s. XX (o retrato ecuestre do ditador Francisco Franco)







Estatua de Constantino I






Grupo dos Tetrarcas



O Ara Pacis

















O Ara Pacis

Relevos da Columna de Traxano





En canto á pintura e aos mosaicos romanos, estes acadaron un desenvolvemento moi importante, decorando casas, villas e edificios públicos.







